

Cuarto exercicio

1. A Constitución recolle como dereito fundamental:
 - a) A dignidade de todos os españois
 - b) A saúde pública a través da vertebración do sistema de prestación pública
 - c) A integridade física e moral de todos, sen que en ningún caso podan estar sometidas a tratos inhumanos nin degradantes
2. O Defensor do Pobo:
 - a) Deberá supervisar a actividade Administración, dando conta a Presidenta ou Presidente do Congreso dos deputados
 - b) Poderá supervisar a actividade Administración dando conta as Cortes Xerais
 - c) Deberá supervisar a actividade xudicial, dando conta ao Tribunal Supremo
3. De acordo co artigo 53 da Constitución, o dereito a protección da saúde:
 - a) É susceptible de recurso de amparo
 - b) Debe regularse obrigatoriamente por lei orgánica que en todo caso debe respectar o seu contido esencial.
 - c) Informa a lexislación positiva, a práctica xudicial e la actuación dos poderes públicos
4. Segundo o establecido no artigo 35.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, serán motivados:
 - a) Os actos que limiten dereitos individuais ou intereses colectivos
 - b) Os actos que admitan probas propostas polos interesados
 - c) Os actos que confirmen o criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos
5. Segundo o artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son anulables os actos da Administración:
 - a) Que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta
 - b) Contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición
 - c) Incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluída a desviación de poder
6. O defecto de forma dun acto:
 - a) Suporá sempre a nulidade do mesmo
 - b) Determinará a nulidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin
 - c) Solo determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin
7. A publicación dun acto deberá conter:
 - a) Un resumo do texto, con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, os recursos que proceden recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houbesen de presentarse e o prazo para interpoñelos
 - b) O texto íntegro coa a expresión dos recursos que procedan en vía administrativa e o órgano ante o que houbesen de presentarse e o prazo para interpoñelos
 - c) O texto íntegro, con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houbesen de presentarse e o prazo para interpoñelos

Cuarto exercicio

8. Cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes:
 - a) Servirán de modelo para que os interesados
 - b) Serán de uso voluntario polos interesados
 - c) Serán de uso obrigatorio polos interesados
9. Dos seguintes actos administrativos, cal pode ser obxecto de recurso de alzada
 - a) A resolución dun órgano administrativo que careza de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario
 - b) A resolución que resolve un recuso de la alzada
 - c) Un acto de trámite que non impide a continuidade do procedemento nin produce indefensión aos interesados
10. Segundo a LOSU, artigo 93.3, cal é un dos criterios para a asignación de incentivos económicos ao persoal técnico de xestión e de administración e servizos:
 - a) O tempo de servizo na universidade
 - b) Avaliación de méritos individuais
 - c) A participación corporativa
11. A LOSU establece que o persoal técnico de xestión e de administracións e servizos das universidades publicas estará formado por :
 - a) Persoal funcionario e laboral
 - b) Persoal estatutario
 - c) Persoal funcionario exclusivamente
12. Segundo a LOSU respecto dos órganos colexiados as universidades nos seus estatutos deben regular os seguintes:
 - a) Claustro Universitario, Consello de Goberno e Consello de Estudiantes. Así mesmo, establecerán o Consello Social e poderán establecer e regular Consellos de Escola e de Facultade, Consellos de Departamento ou outros órganos específicos que se determinen
 - b) Claustro Universitario, Consello de Goberno, reitor, Consello de Estudiantes. Así mesmo, establecerán o Consello Social e poderán establecer e regular Consellos de Escola e de Facultade, Consellos de Departamento ou outros órganos específicos que se determinen
 - c) Os que no uso da súa autonomía consideren coas denominacións que autorice a comunidade autónoma de acordo coa lei que desenvolva a LOSU nos respectivos ámbitos autonómicos.
13. Segundo a LOSU, constitúe o patrimonio de cada universidade:
 - a) O conxunto dos seus bens, dereitos e obrigas
 - b) O conxunto dos seus bens patrimoniais de uso docente e investigador
 - c) as universidades carecen de patrimonio propio
14. Non é causa de suspensión do contrato de traballo segundo o artigo 45 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores,
 - a) Exercicio do dereito de folga
 - b) Excedencia voluntaria
 - c) Peche legal da empresa

Cuarto exercicio

15. Segundo o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, A suspensión do contrato de traballo:
 - a) Exonera da obrigaón de traballar non a de remunerar o traballo
 - b) Exonera das obrigaóns recíprocas de traballar e remunerar o traballo
 - c) Dependendo da causa que a motive pode exonerar da obrigaón de remunerar o traballo

16. Segundo o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores non terá a consideración de modificacións substanciais das condicións de traballo, a que afecte a:
 - a) Horario e distribución do tempo de traballo
 - b) Sistema de remuneración e contía salarial
 - c) O aumento de numero de traballadores da empresa

17. De conformidade co convenio colectivo do persoal laboral de administración e servizos da USC, retribúe a participación naquelas accións encamiñadas á consecución dos obxectivos que a USC estableza:
 - a) Salario base
 - b) Complemento de categoría
 - c) Complemento de produtividade

18. Segundo a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes entenderase por composición equilibrada para os efectos da devandita Lei:
 - a) a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o cincuenta por cento.
 - b) a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o setenta por cento nin sexan menos do trinta por cento.
 - c) a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexan menos do corenta por cento

19. As obrigaóns establecidas nesta Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:
 - a) serán de aplicación a toda persoa, física ou xurídica, que se atope ou actúe en territorio español, calquera que fose a súa nacionalidade, domicilio ou residencia.
 - b) serán de aplicación a toda persoa física ou xurídica que actúe en territorio español e teña con nacionalidade ou domicilio social en España
 - c) serán de aplicación so as persoas físicas que se atopen ou actúe en territorio español, calquera que fose a súa nacionalidade ou domicilio social

20. De acordo Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes:
 - a) É un principio de aplicación respecto das normas laborais
 - b) É un principio informador do ordenamento xurídico que se observará na interpretación e aplicación das normas xurídicas
 - c) É unha declaración de intencións na redacción de normas regulamentarias

Cuarto exercicio

21. Segundo o artigo 7 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mujeres e Homes, constitúe acoso sexual:
- Calquera situación en que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable que outra en situación comparable.
 - Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo.
 - Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo
22. Na USC correspóndelle establecer as normas xerais que regulen a organización, a aprobación e a avaliación destes estudos, o procedemento para a expedición dos certificados ou diplomas correspondentes, así como o réxime de vinculación do estudantado coa Universidade:
- Ao Consello de Goberno, seguindo as directrices emanadas do Claustro.
 - Ao Consello Social, a proposta do Consello de Goberno
 - Ao Claustro a proposta do Consello de Goberno
23. Na USC, a regulación das modalidades de matrícula nos estudos que desenvolva corresponde a:
- Ao Claustro
 - Ao Consello Social
 - Ao Consello de Goberno
24. Na USC a formalización da matrícula implica o deber de asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente e a dispénsa de asistencia pola Xunta de Centro:
- Ten carácter singular para casos específicos e se fose necesario, poderá eximirse ao solicitante de avaliación.
 - Ten carácter singular para casos específicos sen que poida establecerse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral
 - Ten carácter singular para casos específicos e se fose necesario, poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral
25. Segundo os Estatutos da USC, a investigación:
- Realizárase necesariamente en grupos de investigación, recoñecidos pola Universidade, departamentos e institutos universitarios de investigación, así como noutras estruturas que se constitúan con esta finalidade.
 - Sen prexuízo da investigación individual, realizárase en grupos de investigación, recoñecidos pola Universidade, departamentos e institutos universitarios de investigación, así como noutras estruturas que se constitúan con esta finalidade.
 - Realizárase de forma colectiva sen prexuízo de que se rexistre a actividade individual
26. Segundo os Estatutos da USC, artigo 171.1, o Reitor presentará as liñas xerais do orzamento, xunto coa da programación plurianual ou coa súa actualización:
- Perante o Consello de Goberno
 - Perante o Claustro Universitario
 - Perante a Comisión de Orzamentos

Cuarto exercicio

27. Quen é responsable do cumprimento do regulamento de usos lingüísticos na USC:
 - a) O reitor ou reitora
 - b) O Servizo de normalización lingüística
 - c) O Claustro

28. Na USC en que lingua se farán as denominacións dos estudos de grao, mestrado e Doutoramento, así como as memorias que os compoñen:
 - a) En galego e haberá unha tradución oficial destas denominacións, cando menos, aos idiomas castelán e inglés.
 - b) En inglés
 - c) En galego, castelán e inglés

29. Na USC os usos lingüísticos nas comunicacións con outras institucións e entidades se farán:
 - a) En galego en todo caso
 - b) En galego nas súas relacións cos órganos xudiciais radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - c) En calquera dos idiomas oficiais na CCAA de Galicia

30. Sinala a afirmación incorrecta en relación coas limitacións do dereito de acceso á información pública da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno:
 - a) O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.
 - b) As limitacións haberán de interpretarse de maneira restritiva e xustificada, e aplicaranse a menos que un interese público ou privado superior xustifique a divulgación da información.
 - c) As limitacións haberán de interpretarse de maneira restritiva e xustificada, e aplicaranse cando o interese privado non xustifique a divulgación da información.

31. Segundo a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, tipifícase como infracción moi grave en materia de incompatibilidades e conflito de intereses:
 - a) A omisión de datos e documentos que haxan de ser presentados conforme ao establecido nesta lei.
 - b) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións contempladas no título II, cando no se produza dano manifesto á Administración autonómica
 - c) A presentación de declaracións con datos ou documentos falsos.

32. Segundo os Estatutos da USC, son órganos de representación do persoal laboral:
 - a) A Xunta de persoal de PAS e de PDI
 - b) Comité de Empresa e aqueles órganos de representación que se establezan
 - c) A Xunta de persoal e o Comité intercentros

33. Os Colexios Profesionais segundo a Constitución Española
 - a) A súa estrutura interna e o seu funcionamento deberán ser democráticos.
 - b) Están prohibidos agás para profesións tituladas sanitarias
 - c) Deberán ser regulados mediante Lei Orgánica.